



ASUNTO: VIXENCIA CERTIFICADOS MÉDICOS PROCESO SELECTIVO 3 AXENTES POLICIA LOCAL

Neste concello estase a tramitar a segunda convocatoria de proceso para a selección de 3 axentes de policía local, funcionarios, grupo c1, escala básica, por oposición libre,(convocatoria BO da Provincia de Lugo Nº 57, de data 11 de marzo do 2021) logo de que a primeira convocatoria resultase deserta.

Ante as dubidas sobre a vixencia dos certificados médicos aportados na primeira convocatoria, solicitouse información ó colexio oficial de Médicos de Lugo, que respostou indicando:

“La regulación de dichos Certificados no contiene ninguna norma que establezca un plazo determinado de vigencia, por lo que para la determinación de validez de los certificados médicos, habrá que estar a lo que establezca en las disposiciones reguladoras del concreto procedimiento en el que se exija la aportación del certificado médico de que se trate.”

As bases reguladoras da convocatoria non determinan prazo algún ó respecto.

Polo exposto,

RESOLVO

Primeiro.- Declarar que aqueles certificados médicos aportados na convocatoria anterior en prazo de solicitudes e participación ou en prazo de subsanación da lista provisional de admitidos e excluídos, manteñen á súa vixencia na actual convocatoria, sempre e cando ós aspirantes ós acompañen da seguinte declaración responsable debidamente cuberta:

DON/DONA :, DNI.....

Declara, baixo xuramento:

Ter participado na primeira convocatoria do proceso para a selección de 3 axentes de policía local, funcionarios, grupo c1, escala básica, por oposición libre.

A tal efecto aportei certificado médico de data asinado polo facultativo don/a....., nº de colexiado.....

Ter sido admitido/a definitivamente a participar no proceso selectivo en resolución da alcaldía de data 9 de febreiro do 2021 .

Que ás miñas condicións físicas e sanitarias non teñen variado dende entón, polo que me atopo en condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición de 3 axentes de policía local do concello de Monforte de Lemos, (BOP Lugo 242-22/10/20) conforme ó Artigo 21.1 h) do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Coa sinatura desta declaración responsable renuncio a calquera reclamación por responsabilidade patrimonial contra o Concello de Monforte derivada inexactitude ou falsidade da mesma.

Lugar e data.

Segunda.- Publicar esta resolución na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

CSV: 07E50006EDF300V0I501W3D5K9





MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006EDF300V0I501W3D5K9



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006ED5600P9T9D1N2Z8X7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 30/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 30/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/03/2021 13:14:09

DECRETO: 2021000388
Fecha: 30/03/2021
Hora: 13:14
Persona 76561868C

